

Petroglifo de Córnic

# PETRÓGLIFOS, OS TESOUROS DE TEO

Reportaxe de XABIER LÓPEZ  
Fotografías de ALFREDO IGLESIAS



Carballeira de Cornide

O CONCELLO DE TEO APOSTOU POLO ACONDICIONAMENTO E SINALIZACIÓN DA RUTA PARA FACILITAR O ACHEGAMENTO AOS PETRÓGLIFOS, AO MESMO TEMPO QUE PROPOÑEN UNHA ALTERNATIVA DE LECER E OCIO ACTIVO AO AIRE LIBRE, E POÑEN EN VALOR UNHA FERMOUSA ZONA DA COMARCA COMPOSTELÁ NON TAN COÑECIDA COMO MERECE

MANUEL RIVAS COMPAROUNOS CUN «LIBRO SAGRADO IMPRESO EN GRANITO». EN PALABRAS DE CÉSAR ANTONIO MOLINA, OS HEROES ÉPICOS GALEGOS DEIXARON NELES «AS SÚAS PEGADAS» EN LUGAR DE «EN Suntuosos MÁRMORES». OS NOSOS PETRÓGLIFOS LEVAN CASE TRES SÉCULOS ATRAENDO A HISTORIADORES, INTELLECTUAIS, ESCRITORES, E AOS GALEGOS EN XERAL, DESDE QUE EN 1745 FREI MARTÍN SARMIENTO CHAMARA A ATENCIÓN SOBRE ELES.

Estes singulares gravados, con nome derivado do grego *petra* (pedra) e *glyphein* (tallar), conforman un dos elementos arqueolóxicos de maior relevancia en Galicia. Enigmáticos e misteriosos, todo o que podemos facer hoxe é elucubrar sobre o seu significado. Coma unhas discretas liñas de Nazca, ás veces cústanos dilucidar se os fixeron os nosos devanceiros da Idade de Bronce ou, en realidade, son obra daqueles mouros dos que falaban Risco ou Cunqueiro, eses seres mitolóxicos que viven baixo terra e gardan tesouros.

Desde hai tres meses no Concello de Teo, en concreto nas parroquias de Calo e Luou, contamos cunha excelente oportunidade de coñecer os petróglifos de preto ao tempo que realizamos un percorrido de sendeirismo polas fermosas paisaxes naturais da nova Ruta dos Petróglifos teense.

Unha ruta que une as dúas áreas arqueolóxicas máis importantes do municipio: a de Monte Angueira e a de Monte Piquiño. Son pouco máis de trece quilómetros de andaina, agradábel e sen complicacións, que se poden realizar tranquilamente nunha mañá. O percorrido foi acondicionado e sinalizado polo Concello de Teo, e estamos pendentes de que sexa homologado pola Federación Galega de Montaña (dita homologación precisa superar unha serie de requirimentos. Por exemplo: que ao longo do trazado haxa como máximo un dez por cento de asfalto), e se converta así na primeira ruta que acade esa consideración no concello; un itinerario que xa foi validado pola Axencia de Turismo de Galicia.

Pronto haberá seis anos desde que o Colectivo A Rula, asociación cultural da comarca de Compostela que promove a protección e divulgación da arte rupestre, comezara a organizar itinerarios nocturnos no verán para ver os petróglifos de Teo. Grazas ao uso de focos, os visitantes poden contemplar motivos que, polo día, a causa do desgaste dos gravados, resultan máis difícil observar. Aproveitando esta experiencia previa, o Concello de Teo apostou polo acondicionamento e sinalización da ruta para facilitar o achegamento aos petróglifos, ao mesmo tempo que propoñen unha alternativa de lecer e ocio activo ao aire libre, e poñen en valor unha fermosa zona da comarca compostelá non tan coñecida como merece.



Petroglifo histórico cruciforme



Muíño de Cornide

Son quince, en total, as estacións arqueolóxicas catalogadas que atoparemos na nosa andaina ao longo da ruta. Porén, tres delas concentran un interese patrimonial especial. Pablo Sanmartín, arquivista do concello de Teo e secretario do Colectivo A Rula, explícanos as principais características destes tres petróglifos e por que son destacados. «Temos, por unha banda, o da Pena Bicuda de Loureiro, que é o que máis gravados ten, tanto de carácter naturalista como de carácter xeométrico, desde cervos a combinacións circulares e espirais». Este petróglifo de Pena Bicuda de Loureiro atópase na zona de Monte Piquiño, igual que sucede co de Outeiro do Corno. «Cun escudo e un puñal, a do Outeiro do Corno é unha das rochas panoplias (é dicir, que representa armas) que hai na comarca. Non existen moitos exemplos así nos arredores de Santiago, o petróglifo de Conxo e este serían os máis importantes», di Pablo Sanmartín. O terceiro petróglifo esencial da ruta atópase na outra área, a de Monte Angueira. É o petróglifo de Río Angueira. «O que fai especial a esta estación é a escena de monta, na que se poden atopar varios xinetes», dinos ao respecto o secretario de A Rula. Unha escena de monta que a nós volve traernos á cabeza a Manuel Rivas e o texto que xa citamos ao comezo: «Na milenaria linguaxe das pedras, o rei é o cabalo». Na Ruta dos petróglifos de Teo estas tres estacións, Pena Bicuda de Loureiro, Outeiro do Corno e Río Angueira, son tamén as raíñas. As tres, sumadas, compoñen un dos conxuntos máis importantes do chamado grupo galaico de arte rupestre. As tres, sumadas, supoñen un motivo de sobra para coñecer a ruta. Pero non son, nin moito menos, o único motivo.


Se un se aventura a comezar a andaina desde a carballeira de Cornide (na parroquia de Calo), pode elixir entre visitar os gravados da aldea de Mouromorto (aquí volven aparecer os mouros nesta narración, e non será a última vez), a cincocentos metros do punto de partida, ou ben dirixirse xa cara a ribeira do río Angueira. Alí, antes de chegar ao petróglifo da escena de monta do que falamos con anterioridade, o camiñante verá como se abre ante si unha interesante e fermosa área de edificación de ribeira. Varios son os muíños cos que nos cruzaremos polo camiño: o de Cornide, o das Picariñas, e un pouco máis adiante o de Bouza. Boa representación destas construcións nas que os nosos antepasados moían o millo, o trigo ou o centeo. Elementos etnográficos esenciais para entender a Galicia tradicional; base da alimentación, da economía e da vida das xentes. Basta pensar un momento no nome do baile galego por antonomasia. A muiñeira, efectivamente.

Encontraremos tamén nesta área pontellas que unen as dúas beiras do Angueira e un lavadoiro. É este un treito ben fermoso, repleto de construcións recuperadas. Tamén de valores naturais, coma as diversas especies de fiekos, así como un cadoiro e un pozo do río ao pasar por un pequeno desnivel do terreo.

Non menos interesante é a zona que une Monte Angueira con Monte Piquiño, á que chaman Outeiro do Chan, área de gran valor paisaxístico. Ese valor foi unha das cousas que premiou a Federacion Galega de Montaña na homologación da ruta.

**NA RUTA DOS PETRÓGLIFOS DE TEO ESTAS TRES ESTACIONS, PENA BICUDA DE LOUREIRO, OUTEIRO DO CORNO E RÍO ANGUEIRA, SON TAMÉN AS RAÍÑAS. AS TRES, SUMADAS, COMPOÑEN UN DOS CONXUNTOS MÁIS IMPORTANTES DO CHAMADO GRUPO GALAICO DE ARTE RUPESTRE. AS TRES, SUMADAS, SUPOÑEN UN MOTIVO DE SOBRA PARA COÑECER A RUTA. PERO NON SON, NIN MOITO MENOS, O ÚNICO MOTIVO**

**VARIOS SON OS MUÍÑOS COS QUE NOS CRUZAREMOS POLO CAMIÑO: O DE CORNIDE, O DAS PICARIÑAS, E UN POUCO MÁIS ADIANTE O DE BOUZA. BOA REPRESENTACIÓN DESTAS CONSTRUCIÓN NAS QUE OS NOSOS ANTEPASADOS MOÍAN O MILLO, O TRIGO OU O CENTEO. ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS ESENCIAIS PARA ENTENDER A GALICIA TRADICIONAL; BASE DA ALIMENTACIÓN, DA ECONOMÍA E DA VIDA DAS XENTES**



Pena Bicuda de Loureiro

Chegando xa ao Piquiño o percorrido imita un dos gravados circulares das rochas e realiza unha pequena circunferencia que ofrece unhas inmellorábeis vistas panorámicas das terras do Val do Ulla. Ao pisar ese terreo atoparémonos xa na necrópole máis importante de toda a comarca. Ningunha outra contén trinta e tres mámoas catalogadas coma esta, se ben só seis ou sete gozan na actualidade dunha visibilidade suficiente. Desde o Concello de Teo están a estudar xa a posibilidade de realizar unha segunda fase de traballo sobre o terreo para que o visitante poida gozar tamén da vista destas mámoas.

As mámoas, como é sabido, son túmulos funerarios. E aquí, na Eira dos Mouros, rodean o que puido ser un crómlech vinculado á necrópole, se facemos caso ao que contan as lendas. Agora, forma unha focha circular que no inverno se inunda e semella unha fermosa lagoa natural. Os crómlechs son círculos líticos, é dicir, círculos de pedras, que cumprían as funcións de recinto sacro e estaban asociados a motivos funerarios. O crómlech máis famoso do mundo é o de Stonehenge no Reino Unido, construído a finais do Neolítico ou nos albores da Idade de Bronce.

Non existen evidencias arqueolóxicas de que realmente na Eira dos Mouros da Lagoa existira tal círculo lítico, pero, como nos conta Pablo Sanmartín, as narracións tradicionais entre os habitantes da zona fan crer que puido ser así: «Segundo contan as crónicas antigas, existía un círculo de pedras con grandes fitos de cuarzo que os veciños acabaron utilizando para facer peches e outras construcións populares. Nunca se fixeron escavacións nin sondaxes polo que tampouco podemos dicir se existe ou non un patrimonio arqueolóxico nese lugar. O que si hai, de seguro, son moitas lendas. O que si hai, de seguro, é un gran patrimonio inmaterial ao respecto entre os veciños». E claro, inevitabelmente, os mouros que viven baixo terra volven aparecer aquí. Os mouros que lle dan á Eira o seu nome. Os mouros dos que dixo o profesor Filgueira Valverde «que poden saír a poñer ao sol os seus tesouros, a comprar nas feiras, a poñer a proba ou adoutrinar aos vivos». Os mouros que Filgueira chamou «a outra realidade», con expresión tan acertadamente galega.

Malia que a meteoroloxía non ten sido clemente nestes primeiros meses do ano, varias asociacións de sendeirismo teñen probado xa a nova ruta teense e a súa experiencia ten sido moi satisfactoria, tal como eles mesmos referiron. Non é para menos, esta Ruta dos Petróglifos de Teo ofrece a posibilidade de achegarse un pouco á historia dos antigos poboadores de Galicia, de retrotraernos ás orixes das nosas lendas, de camiñar polos vieiros dos nosos costumes. Desde os ritos funerarios neolíticos, aos muiños e pontellas. Desde os crómlechs (imaxinarios ou reais) até os cadoiros do río Angueira. Desde as trinta e tres mámoas até a diversidade de fentos. Un paseo pola paisaxe do Val do Ulla. Unha viaxe polo que fomos, polo que somos e polo que seremos. Unha andaina para coñecer a comarca de Compostela ao tempo que nos coñecemos a nós mesmos. Aos galegos de agora e aos de antes. Foran eses galegos mouros ou non, esta Ruta dos Petróglifos de Teo amósanos unha parte dos fermosos tesouros que tan ben gardados e escondidos mantiñan.

CHEGANDO XA AO PIQUIÑO  
O PERCORRIDO IMITA UN  
DOS GRAVADOS CIRCULA-  
RES DAS ROCHAS E REA-  
LIZA UNHA PEQUENA  
CIRCUNFERENCIA QUE  
OFRECE UNHAS INMELLO-  
RÁBEIS VISTAS PANORÁ-  
MICAS DAS TERRAS DO  
VAL DO ULLA. AO PISAR  
ESE TERREO ATOPARÉMO-  
NOS XA NA NECRÓPOLE  
MÁIS IMPORTANTE DE  
TODA A COMARCA



Petróglifo do Trono da Raíña